

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMÁNAL DE GALICIA

VOLUME II / NUM. 8  
SEMÁN 2/1987  
(12 ó 18 de xaneiro)

  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
E SEGURIDADE SOCIAL

2 DE ABRIL DE 1987

## *PLAN AUTONÓMICO SOBRE DROGODEPENDENCIAS (e II)*

### *BASES DEL PROGRAMA AUTÓNOMICO DE FORMACIÓN EN DROGODEPENDENCIAS*

#### *3.—Formación*

O PND concédelle un lugar destacado á necesidade de formación do persoal: desde os dirixentes de asociacións ata os profesionais dos centros e servicios de atención a drogodependentes, pasando polos mestres e os profesionais dos medios de comunicación. Trátase, entón, dunha necesidade evidente e amplamente recoñecida en todo o territorio español.

En Galicia, polo de agora, non existe ningunha actividade de formación neste sentido que teña unha continuidade e uns criterios establecidos. Os diversos centros, dentro dos seus programas de intervención, veñen levando a cabo cursos e seminarios, fundamentalmente para mestres e profesores, aínda que tamén se ten incluído nalgún destes programas a algún sector de profesionais sanitarios e á policía municipal. Con todo, estas iniciativas, aínda que son importantes por cubriren un baleiro existente, carecen dunha coordinación a nivel autonómico.

Partindo desta situación, considérase necesario establecer axiña cursos e seminarios cuns obxectivos, metodoloxía e criterios compartidos por tódolos sectores implicados. Coida-

mos que a coordinación destas actividades debe levala a cabo a Consellería de Sanidade e Seguridade Social, pola súa especial implicación no tema e pola súa potencial capacidade de realizalas. Tamén porque desde hai tempo eses sectores veñen reclamando deste departamento autonómico iniciativas nesta cuestión.

As actividades de formación poderíanse dividir en tres grandes apartados:

- 3.1. Cursos xerais.
- 3.2. Cursos de formación continuada.
- 3.3. Formación universitaria.

#### 3.1. CURSOS XERAIS

Servirán de introducción ó tema das drogas. Poden te-los seguintes destinatarios:

##### 3.1.1. *Profesores, mestres e tutores de EXB e BUP-FP*

A importancia deste colectivo para o tema que nos ocupa está amplamente documentada. Son eles, como profesionais, os que máis tempo están en contacto cos xoves e son eles tamén os responsables da educación. Non hai marco profesional potencialmente máis idóneo para levar a cabo unha efectiva educación para a saúde cá escola, pois é nela onde se realiza máis sistematicamente a aprendizaxe.



Hai que ter en conta que non tódolos profesionais da educación teñen unha motivación suficiente como para manteren unha formación continuada que lles permita ser axentes de primeira liña na prevención do consumo de drogas. Por iso cómpre planificar cursos que teñan como obxectivos prioritarios:

- Dar unha información veraz e científica sobre a problemática das drogas.
- Dar pautas de actuación que lles permitan desenvolverse minimamente cun problema deste tipo: na aula, coa familia do alumno e na sociedade en xeral.
- Fornecer recursos que a escola poida poñer en funcionamento para previlo consumo de drogas e potencia-los recursos comunitarios existentes.

Non se trata, a este nivel, de formar especialistas de educación que leven o peso da prevención nas escolas, senón de ofrecer un mínimo de formación que permita que estes profesionais manexen o tema con realismo. Ó mesmo tempo pódese motivalos para levar a cabo unha formación continuada.

Deberían colaborar aquí as asociacións, os centros e servicios de atención a drogodependentes, a Universidade (quizais, fundamentalmente, a través do ICE) e as escolas, colexios e sociedades pedagóxicas, conxuntamente coa Administración Autonómica (Consellería de Educación e Consellería de Sanidade e Seguridade Social, principalmente).

### 3.1.2. *Profesionais dos medios de comunicación*

É evidente a incidencia da prensa, da radio e da TV na poboación. As mensaxes que estes medios ofrecen no «tema das drogas» son a miúdo contradictorias, resaltando tamén a miúdo aqueles aspectos máis morbosos: crimes, asaltos, suicidios, etc. Isto contribuíu grandemente a formar unha idea social estereotipada que a poboación xeneraliza axiña a toda persoa que consuma drogas, sobre todo «drogas ilegais». Mais isto tamén contribuíu a que moitos consumidores de droga e drogodependentes adopten como súa unha imaxe que deles se ofrece socialmente e que en principio non correspondía coa realidade. Esta situa-

ción inflúe negativamente no proceso rehabilitador por acentuar situacións conflictivas, tanto individuais («a miña recuperación é moi difícil», «non debín face-lo que fixen», etc.), coma familiares e sociais («o meu fillo non ten remedio», «ós drogadictos non hai quen os endereite», etc.).

Por iso é urxente, tal como aconsella o PND, formar, aínda que só sexa minimamente, ós profesionais que teñen nas súas mans un labor tan trascendente como conforma-la percepción social que ten a poboación de cal é a realidade na que vive.

Entón, aquí sería primordial:

- Dar unha información veraz sobre as dimensións da problemática das drogas.
- Facer especial fincapé no esclarecemento dos mitos e estereotipos creados.

O fin último sería que cando un medio informe sobre algún tema relacionado coas drogas, o faga sen mediatizar nin alarmar. Outro asunto é o dereito de cada cidadán a expresar a súa opinión polo medio que considere máis axeitado, aínda que isto non deba nunca supoñer que asoballe a outro cidadán.

Proponse que nesta actividade colaboren as asociacións, centros e servicios de atención a drogodependentes, «mass-media» e especialistas en comunicación, conxuntamente coa Administración Autonómica (Consellería da Presidencia e Consellería de Sanidade e Seguridade Social, fundamentalmente).

### 3.1.3. *Profesionais sanitarios e de servicios sociais, que non traballen especificamente en centros e servicios de atención a drogodependentes*

Consideramos que a formación non especializada destes profesionais no campo da drogodependencia non precisa moitos comentarios que recalquen a súa necesidade. Os dispositivos de atención sanitaria e de servicios sociais reciben demandas de información e asistencia relacionadas co consumo de drogas, demandas que quizais se incrementen nun futuro próximo. Por iso hai que dotar a estes profesionais, polo menos, duns mínimos coñecementos que lles permitan responder a esa demanda que moitas veces lles esixirá verdadeiras intervencións en situacións de crise. É fundamental



que saiban conte-la ansiedade que estas situacións poden crear nos afectados (individuo, familia, grupo) como primeiro paso para que estes aborden decididamente a súa problemática. Pero a ansiedade non é só patrimonio dos afectados, senón de todo aquel profesional ó que se lle demanda unha resposta, frecuentemente inmediata, para a que en moitas ocasións non ten unha clara oferta.

Entre os obxectivos a acadar neste sector, ademais da necesaria información, que terá de ser clara e concisa, figuran:

- Ofrecer pautas de resposta ante esas situacións para que non sexa inútil o, probablemente débil, primeiro intento de asistencia por parte dos afectados.

- O coñecemento exacto dos recursos ó seu alcance e daqueles outros ofrecidos pola rede máis específica, co fin de facilitar e clarificar a remisión dos casos a outros centros e servizos.

- Establecer unha coordinación coa rede específica.

Esta colaboración terá que ser compartida entre as asociacións, centros e servizos de atención a drogodependentes, centros sanitarios e de servizos sociais, entes locais e a Administración Autonómica (Consellería de Cultura e Benestar Social e Consellería de Sanidade e Seguridade Social).

#### 3.1.4. *Dirixentes de asociacións*

Coma responsables das agrupacións motivadas pola natural tendencia humana a formar grupos, estes dirixentes poden chegar a converterse en auténticos axentes de saúde, e con este fin deben recibilo apoio necesario. Recordemos que un dos factores máis importantes, tanto para o inicio como para o mantemento e aínda o cesamento do consumo de drogas é a presión que o grupo de iguais, e o social en xeral, exercen sobre a persoa. Este factor é algo que constatan tódolos estudos, mesmo os máis superficiais. Se somos capaces de conseguir que a presión do grupo incida máis cara á saúde e o autocoidado que cara ó consumo, o problema do uso de drogas minguará bastante.

Algúns dos obxectivos a cubrir neste sector serían:

- Ofrecer información obxectiva sobre o consumo de drogas, a súa extensión e implicacións.

- Informar dos recursos existentes para a atención dos problemas derivados do consumo de drogas: como manexalos para optimizalo seu rendemento.

- Dar pautas de actuación e formas de intervención ante unha demanda de axuda.

- Proporcionar un certo nivel de entreno no manexo de grupos.

Nestes programas considérase a participación das asociacións, centros e servizos de atención a drogodependentes, asociacións xuvenís, de veciños, culturais e deportivas, etc., que queiran colaborar no programa, os entes locais e a Administración Autonómica (Consellería de Cultura e Benestar Social e Consellería de Sanidade e Seguridade Social, fundamentalmente).

A relación da que se dispón polo de agora, dos grupos ós que poden e deben dirixirse cursos xerais sobre drogas, non é, evidentemente, pechada. Tampouco o é a lista de entidades e grupos que poden colaborar nestes programas. O ámbito municipal ten aquí un importante campo de actuación e, neste sentido, por exemplo, o Concello da Coruña ten realizado algunhas actividades en coordinación coa Asociación Cidadá de Loita contra a Droga e o Centro Asistencial de Drogodependencias desta cidade. Colectivos coma a policía municipal, merecen especial atención. Hoxe xa non se reducen só ó seu tradicional papel de dirixilo tráfico e multar ós automobilistas. Teñen, ademais, actuacións que poden definirse coma verdadeiras intervencións en situacións de crise. Así amplíase moito a súa proxección social. Ademais, a formación neste tema é algo que vén reclamando desde hai tempo este colectivo profesional.

Estes cursos xerais poderíanse configurar como de introducción á formación continua de todos aqueles cursiñistas que participen nelles e que estean realmente motivados para seguila.



ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMÁN 2/1987 DO

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONDOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)		
	1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
<b>A CORUÑA</b>																			
1 CEDEIRA											20	39					5	7	
2 ORTIGUEIRA											115	155		1			3	4	
3 NARÓN											182	320	2	2			1	1	
4 AS PONTES									1	1	182	333	2	2					
5 FERROL																			
6 FENE							2	2			74	146					2	2	
7 PONTEDEUME										1	574	1.357							
8 CEE											357	439					2	5	
9 VIMIANZO											29	67							
10 PONTECESO											167	316					14	22	
11 CARBALLO											445	675					6	24	
12 ARTEIXO																			
13 A CORUÑA									1	3	1.432	2.753	2	8			6	23	
14 CULLEREDO-O BURGO									1	6	179	343	2	2			2	8	
15 OLEIROS											86	127						1	
16 BETANZOS									1	2	279	759					4	12	
17 SANTA COMBA									1	1	156	156					2	2	
18 NEGREIRA									2	6	38	74	1	2			7	16	
19 ORDES										2	369	684					12	27	
20 CURTIS-TEIXEIRO											97	183					1	1	
21 SANTIAGO									1	2	1.128	1.784	2	3			7	8	
22 MELIDE											47	86	1	2					
23 MUROS									1	3	106	171					5	9	
24 NOIA										3	105	515		1				20	
25 PADRON								1			426	501	1	1			3	6	
26 BOIRO											10	50						3	
27 RIBEIRA							1	1			230	281					5	6	
28 A ESTRADA									1	2	227	532					1	3	
29 LALIN					3	6	1	1		3	366	511					4	4	
30 VILAGARCIA DE AROUSA									1	2	33	525	2	5					
31 CALDAS DE REIS											40	77					1	1	
32 VILANOVA DE AROUSA									2	2	10	110	1	1					
33 CAMBADOS											98	190				1	2	4	
34 O GROVE																			
35 SANXENXO									1	1	53	88					4	4	
36 PONTEVEDRA											886	1.443	4	5		1	16	33	
37 FORCAREI											38	64					1	1	
38 MARIN											158	348					2	8	
39 CANGAS								1			67	179				1	1		
40 REDONDELA											495	861				1	1	3	4
41 VIGO							4	4		1	205	310	1	1	1	1			
42 VAL MIÑOR-PANXON											168	288					2	2	
43 PORRIÑO									2	2	148	267					2	2	
44 PONTEAREAS											227	674	2	4			2	6	
45 A CAÑIZA											61	136				1	1	2	5
46 A GARDA											88	166	1	3			1	5	
47 TUI									2	2	92	345						4	
48 SALVATERRA DE MIÑO											152	296					2	5	
49 VIVEIRO									1	2	146	352					4	6	
50 CERVO-BURELA									1	4	190	469					2	5	
51 MONDOŃEDO											4	10							
52 RIBADEO											153	315					1	2	
53 VILALBA									2	2	47	79					27	48	
54 MEIRA									2	2	123	216					8	11	
55 FONSAGRADA											80	80					5	5	
56 GUITIRIZ									1	1	15	35					1	1	
57 RABADE									2	2	159	242					4	5	
58 LUGO	1	1									280	407	3	6	1	1			
59 CASTROVERDE											6	6	1	1					
60 PALAS DE REI																			
61 MONTERROSO											23	47					18	22	
62 SARRIA									1	1	196	333	15	26			6	8	
63 BECERREÁ	1	1								1	142	244					3	8	
64 CHANTADA										2	95	174	3	3			4	8	
65 MONFORTE DE LEMOS											81	157					1	2	
66 QUIROGA										1	16	44					1	1	
67 O BARCO											665	859	1	1				2	
68 O CARBALLIÑO									1	2	470	736	1	1			4	8	
69 RIBADAVIA											250	426		1			10	11	
70 OURENSE							1	1	1	1	282	481					10	27	
71 MACEDA									1	1	200	362		1			4	8	
72 CASTRO-CALDELAS									1	1	48	80	1	2			3	5	
73 A POBRA DE TRIVES		1									167	281					1	1	
74 VIANA DO BOLO		1									30	81					2	6	
75 CELANOVA									3	6	298	500					4	8	
76 ALLARIZ									2	3	126	212							
77 BANDE									2	2	129	216							
78 XINZO DE LIMIA							1	1	1	5	48	114		1			2	5	
79 VERÍN	1	1							1	3	135	199					8	9	
80 A GUDIÑA		1							1	1	12	71						2	



# DECLARACIÓN OBRIGATORIA

## DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

12 Ó 18 DE XANEIRO

PAROTIDITE (072)		PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		SARAMELO (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIÓNS ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986	
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	1986	
		1	4																				1
		2	4																				2
		1	2																				3
		10	25																				4
		2	2																				5
2	3	6	10					1	1							2	9	75	166				6
		5	12									2	2			1	1	123	235				7
		24	30													1	1	48	74				8
																1	1						9
		1	3													2	2	109	169				10
		20	40													7	14	436	851				11
		45	112															250	475				12
		159	303	1	1			1	1	1	2	2	2	3	28	50	1.615	3.476				13	
		3	5												1	15	22	181	374				14
																23	39	69	100				15
1	3	11	31									1	3		8	10	352	814				16	
		6	6															149	149				17
1	1	15	23															26	52				18
1	2	7	17	1	1					2		2	4		5	10	114	315				19	
		4	4													4	4	32	52				20
		14	16					1	15						14	24	359	640				21	
		1	1												2	2	85	174				22	
		20	36														62	150				23	
			8														1	90	338		3	3	24
		1	9		2												7	30	83			1	25
		6	16														3	11	4	50			26
		12	12		1											1	2	3	10				27
		10	26															135	261				28
1	1	15	20	2	4			12	12			1			2	3	203	301				29	
1	1	69	122	1	2									1	1	3	17	315	869				30
		7	17															12	24				31
		1	5	6	6											20	20						32
		1	5													3	6	85	159				33
																		28	73				34
		1	1			1	1											32	62				35
		4	80	164		1											76	96	799	1.569			36
		2	5															5	11	32			37
		3	9			1	1			1								95	281				38
		6	14															78	155				39
		5	17															24	31	171	287		40
		3	7	2	2					2				5				87	159				41
		111	147															35	80				42
		17	33															107	209				43
		3	11															80	161				44
		13	33		1													4	15	39	68		45
1	1	8	21		2													23	52				46
		1	6		1													2	98	270			47
		13	28															8	262	589			48
		17	40		2														81	229			49
		4	8															1	1	206	555		50
																			26	56			51
		4	8		1														126	265			52
			1															2	15	210	373		53
		4	8															1	2	159	299		54
		11	11																140	140			55
		1	2																	1			56
		1	1															1	5	80	151		57
1	3	23	87			1	1	2	4					1	1	9	11	332	516	1	1		58
																1	1	19	19				59
																							60
		1	8		29														33	86			61
		1	13		21														215	375			62
			11		27														125	235			63
		3	9						1									4	4	237	445		64
		2	2															14	32	47	126		65
																			22	46			66
		32	33															1	3	724	880		67
		20	44									1	1						353	613			68
3	3	7	20	1	1	2	2		1						5	10			238	376			69
		1	5		11			1	1					3	3	1	1		197	375			70
1	4				1														32	84			71
			1		1														124	156			72
																		2	2	60	103		73
		4	8																50	94			74
		2	40		58													4	4	272	609		75
			2																1	98	131		76
		4	8																2	107	170		77
2	2	13	19					1	2									3	3	23	57		78
		8	14															2	2	182	292		79
																			12	52			80



(Ven da páx. 3)

### 3.2. CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUADA

Non só hai que formar axentes e profesionais da saúde, senón que tamén cómpre, para unha efectiva explotación dos recursos existentes, que estes axentes e profesionais da saúde se formen continuamente. Só así poderán dadas as respostas máis adecuadas ós problemas que se lles presenten. Ademais, así o entende e suxire o PND.

#### 3.2.1. *Profesores, mestres e tutores de EXB e BUP-FP*

Estes cursos débense dirixir, fundamentalmente, ás persoas que forman estes colectivos e que en realidade estean motivadas para comprometerse no labor preventivo a medio e longo prazo. Esta é a principal razón da formación continuada deste sector. A prevención na escola terá que ser continua, e non só por veces. Abranguerá diferentes aspectos de saúde, nunca drogas especificamente, e deberá integrarse preferentemente como un aspecto máis da educación escolar. Só así os alumnos poderán estar en condicións de trata-lo tema con naturalidade e sen dramatismos.

Haberá que ter en conta tamén as características de cada profesor, posto que a súa persoa e as súas vivencias son aspectos definitivos e determinantes da mensaxe que comunica ós seus alumnos. Na educación os contidos ou a metodoloxía non son tan importantes coma o que o profesor como persoa transmite á súa condicionable audiencia. Por iso é conveniente realizar unha certa selección, amais de natural, para conformar grupos de formación continuada.

Os membros destes grupos deberán se-los futuros responsables en cada escola do programa de prevención que nela se estableza. Evidentemente, antes de establecelo, haberá que levar a cabo as experiencias precisas para asegurar un mínimo de éxito nesta empresa.

Coidamos que neste nivel os obxectivos non só deben ter en conta aspectos informativos (suponse que os membros destes grupos xa dispoñen dun certo nivel de información veraz), senón sobre todo aqueles relacionados co manexo pedagóxico da prevención na escola (técnicas e metodoloxía). Tamén sería impor-

tante ofrecer un certo adestramento no manexo de individuos adolescentes.

Participarían aquí, ademais das escolas e outros centros de ensino que se sumen ó programa —realmente deberían de ser todos—, as asociacións, centros e servicios de atención a drogodependentes, asociacións e sociedades pedagóxicas, a Universidade (quizais, fundamentalmente, a través do ICE), os entes locais e a Administración Autonómica (Consellería de Educación e Consellería de Sanidade e Seguridade Social).

#### 3.2.2. *Profesionais sanitarios e de servicios sociais que traballen en centros e servicios de atención a drogodependentes*

Asegurando a competencia destes profesionais, estamos afiuzando o proceso de recuperación de consumidores e drogodependentes, e así estaremos optimizando os recursos.

Tamén neste caso, a necesidade desta formación continuada é algo recoñecido por todos os que traballan neste eido, desde os propios profesionais ata o Plan Nacional sobre Drogas. Mal se pode pedir efectividade se non se proporcionan os instrumentos que a posibiliten. Uns resultados mellores, uns bos resultados, son proporcionais ó nivel de competencia do axente que realiza a tarefa. Aquí a formación está moi estreitamente relacionada coa investigación. Un equipo dedicado exclusivamente á clínica, sen ningunha actividade de investigación e formación, vaise empobrecendo pouco a pouco e a súa calidade asistencial seguirá inexorablemente o mesmo camiño. No campo da drogodependencia, os cambios prodúcense axiña. Hoxe a drogodependencia e o consumo de drogas teñen unhas características diferentes ás de 1980. Hai que coñecer estes cambios e avalialos para poder establecer liñas de actuación que respondan ó fenómeno que estamos a tratar.

Entón, parte da formación continuada destes profesionais terá que estar enfocada a novos e mellores métodos de avaliación e análise, conxuntamente cun entramento continuado en diversas técnicas terapéuticas. Haberá que prestar especial atención ás técnicas de diagnóstico e de seguimento. Tamén haberá que realizar reunións periódicas onde os profesionais deste campo da Comunidade Autó-



noma de Galicia poidan intercambiar e avaliar as súas experiencias, tanto entre eles coma con outros profesionais do resto do Estado.

Neste apartado, a colaboración establecerase fundamentalmente entre os centros e servizos de atención ás drogodependencias, as entidades das que dependan, a Universidade e a Administración Autónoma (Consellería de Cultura e Benestar Social e Consellería de Sanidade e Seguridade Social).

### 3.3. FORMACIÓN UNIVERSITARIA

Cómpre que os estudantes de diferentes disciplinas (medicina, psicoloxía, ATS, asistencia social, educadores, dereito, farmacia...) durante o seu período universitario acaden un coñecemento e dispoñan dun entramento suficiente en temas de drogodependencia que os capaciten profesionalmente coma membros corresponsables dunha sociedade con problemas de consumo de drogas.

#### 3.3.1. *Estudiantes*

Existen xa na Comunidade Autónoma de Galicia experiencias na formación de estudantes, aínda que son puntuais e están baseadas fundamentalmente en iniciativas individuais. É o caso do Centro Asistencial de Drogodependencias e da Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, da Coruña, que estes últimos anos veñen colaborando no curso de rotación da Facultade de Medicina e no entramento de estudantes de Psicoloxía e Traballo Social. A pesar da importancia destas experiencias, esta situación debe institucionalizarse co fin de asegura-la súa continuidade e incrementa-la calidade docente. Cómpre tamén introducir contidos sobre este tema nos currículos das respectivas facultades, por exemplo, no caso de Medicina, incluí-la atención a drogodependentes nos programas MIR.

#### 3.3.2. *Reciclaxe dos profesionais*

A reciclaxe de estudantes xa titulados, que por forza ten que ser limitada, merece tamén a nosa atención. Poderán realizala os profesionais interesados a través de cursos universitarios e mediante a asistencia e a colaboración voluntarias, como prácticas, ós centros e ser-

vicios de atención a drogodependentes. É importante que este proceso se realice só con aquelas persoas que estean motivadas por esta problemática, pois se non, de facelo indiscriminadamente, ademais de serviren para pouco, os cursos universitarios de reciclaxe poderán chegar a entorpece-lo funcionamento deses centros e servizos.

Hai que sinalar que actualmente a colaboración voluntaria de profesionais cos dispositivos existentes é xa unha realidade, aínda que non siga un proceso e uns criterios claros e uniformes en toda a rede.

A colaboración pode implicar principalmente ós centros e servizos de atención a drogodependentes, ás entidades das que dependan, á Universidade e á Administración Autónoma (Consellería de Educación e Consellería de Sanidade e Seguridade Social).

### 4.—*Operatividade*

Para enceta-lo camiño que levamos sinalando desde o principio deste documento, consideramos importante establecer uns contactos continuos e permanentes cos centros e servizos de atención a drogodependentes, co fin de ir perfilando estratexias e programas concretos de prevención, pois serán os profesionais dos mesmos os que vaian pór en práctica unha parte importante dos programas preventivos que se implanten. Estes contactos servirán, así mesmo, para coñece-las inxerencias e as necesidades de formación dos diferentes equipos.

Por outra parte, tanto os programas e as actividades de prevención, coma as de formación, precisarán un sistema de avaliación axeitado que nos permita monitorizar e obxectivar-lo seu proceso de implantación e desenvolvemento. Só así poderemos ir axustando o noso traballo e facelo cada vez máis efectivo e rentable.

Estas son as prioridades que podemos proñer:

- Establecer programas de formación continuada para os profesionais dos centros e servizos de atención a drogodependentes.
- Chegar a establecer programas-piloto concretos de prevención, co seu adecuado sistema de avaliación.



# CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

<b>COMARCA DE CEDEIRA</b> Concello de Cedeira Concello de Cerdido	<b>COMARCA DE ORESDES</b> Concello de Tordoua Concello de Ordes Concello de Mesía Concello de Frades Concello de Oroso	Concello de Pontevedra Concello de Cotobade Concello de Vilaboa Concello de Ponte-Caldelas Concello de A Lama	<b>COMARCA DE A FONSGRADA</b> Concello de A Fonsagrada Concello de Nequeira de Muíiz	Concello de Ribadavia Concello de Castelo de Miño Concello de Arnoia Concello de Cortegada
<b>COMARCA DE ORTIGUEIRA</b> Concello de Ortigueira Concello de Mañón	<b>COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO</b> Concello de Curtis Concello de Vilasantar Concello de Sobrado	<b>COMARCA DE FORCAREI</b> Concello de Cerdido Concello de Forcarei	<b>COMARCA DE GUITIRIZ</b> Concello de Guitiriz	<b>COMARCA DE OURENSE</b> Concello de Vilamarín Concello de A Peroux Concello de Os Peares Concello de Amoeiro Concello de Coles
<b>COMARCA DE NARÓN</b> Concello de Valdoviño Concello de Narón Concello de San Sadurniño Concello de Moeche Concello de Neda	<b>COMARCA DE SANTIAGO</b> Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brión Concello de Teo Concello de Vedra	<b>COMARCA DE MARÍN</b> Concello de Marín Concello de Bueu	<b>COMARCA DE RABADE</b> Concello de Begonte Concello de Rábade Concello de Outeiro de Rei	Concello de Nogueira de Ramuín Concello de Ourense Concello de Perreiro de Aguiar Concello de Toén Concello de Barbadas Concello de San Ciprián de Viñas
<b>COMARCA DE AS PONTES</b> Concello de Somozas Concello de As Pontes	<b>COMARCA DE SANTIAGO</b> Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brión Concello de Teo Concello de Vedra	<b>COMARCA DE CANGAS</b> Concello de Cangas Concello de Moaña	<b>COMARCA DE LUGO</b> Concello de Castro de Rei (metade Sur) Concello de Friol Concello de Lugo Concello de Guntín Concello de O Corgo Concello de Portomarín Concello de Taboada	<b>COMARCA DE MACEDA</b> Concello de Esgos Concello de Xunqueira de Espadanedo Concello de Paderne de Allariz Concello de Maceda Concello de Baños de Molgas Concello de Vilar de Barrio
<b>COMARCA DE FERROL</b> Concello de Ferrol	<b>COMARCA DE SANTIAGO</b> Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brión Concello de Teo Concello de Vedra	<b>COMARCA DE REDONDELA</b> Concello de Soutomaior Concello de Redondeira Concello de Pazos de Borbén Concello de Fornelos de Montes	<b>COMARCA DE PALAS DE REI</b> Concello de Palas de Rei	<b>COMARCA DE CASTROVIRREDE</b> Concello de Castrovirrede Concello de Baleira
<b>COMARCA DE FENE</b> Concello de Ares Concello de Mugardos Concello de Fene Concello de Capela	<b>COMARCA DE MELIDE</b> Concello de Boimorto Concello de Arzúa Concello de Melide Concello de Toques Concello de Santiso	<b>COMARCA DE VIGO</b> Concello de Vigo	<b>COMARCA DE MONTERROSO</b> Concello de Antas de Ulla Concello de Monterroso	<b>COMARCA DE CASTRO-CALDELAS</b> Concello de Parada do Sil Concello de A Teixeira Concello de Castro-Caldelas Concello de Montederramo
<b>COMARCA DE PONTEDEUME</b> Concello de Cabanas Concello de Ponte-deume Concello de Miño Concello de Vilamaior Concello de Monfero	<b>COMARCA DE MUROS</b> Concello de Carnota Concello de Muros	<b>COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN</b> Concello de Nigrán Concello de Baiona Concello de Gondomar	<b>COMARCA DE SARRIA</b> Concello de O Páramo Concello de Sarria Concello de Láncara Concello de Paradela Concello de O Incio Concello de Samos Concello de Triacastela	<b>COMARCA DE A POBRA DE TRIVES</b> Concello de San Xoán de Río Concello de A Pobra de Trives Concello de Chandrexa de Queixa Concello de Manzaneda
<b>COMARCA DE CEE</b> Concello de Muxía Concello de Dumbria Concello de Cee Concello de Fisteria Concello de Corcubión Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)	<b>COMARCA DE NOIA</b> Concello de Outes Concello de Noia Concello de Lousame Concello de Porto do Son	<b>COMARCA DE PORRIÑO</b> Concello de Mos Concello de Porriño Concello de Salceda de Caselas	<b>COMARCA DE BECERREÁ</b> Concello de Baralla (Neira de Xusá) Concello de Becerreá Concello de Navia de Suarna Concello de As Nogais Concello de Cervantes Concello de Pedrafita	<b>COMARCA DE VIANA DO BOLO</b> Concello de A Veiga Concello de Vilarinho de Conso Concello de Viana do Bolo
<b>COMARCA DE VIMIANZO</b> Concello de Camariñas Concello de Vimianzo (Parroquias de Allo, Baio e Vilar (Zas))	<b>COMARCA DE PADRÓN</b> Concello de Rois Concello de Padrón Concello de Dudro Concello de Pontecureses Concello de Valga	<b>COMARCA DE PONTEAREAS</b> Concello de Ponteareas Concello de Mondariz-Balneario Concello de Mondariz Concello de Covelo	<b>COMARCA DE CHANTADA</b> Concello de Chantada Concello de Carballedo	<b>COMARCA DE CELANOVA</b> Concello de Cartelle Concello de A Merca Concello de Gomezedo Concello de Ramirás Concello de Celanova Concello de A Bola Concello de Pontevedra Concello de Padrenda Concello de Quintela de Leirado Concello de Verca
<b>COMARCA DE PONTECESO</b> Concello de Malpica Concello de Ponteceso Concello de Cabana Concello de Laxe	<b>COMARCA DE BOIRO</b> Concello de Boiro Concello de Rianxo	<b>COMARCA DE A CAÑIZA</b> Concello de A Cañiza Concello de Crecente Concello de Arbo	<b>COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS</b> Concello de O Saviñao Concello de Bóveda Concello de Panfón Concello de Monforte de Lemos Concello de Pobra de Brollón Concello de Sober	<b>COMARCA DE ALLARIZ</b> Concello de Taboadela Concello de Allariz Concello de Xunqueira de Ambia
<b>COMARCA DE CARBALLO</b> Concello de Laracha Concello de Carballo Concello de Coristanco	<b>COMARCA DE RIBEIRA</b> Concello de A Ribeira do Caramiñal Concello de Ribeira	<b>COMARCA DE A GUARDA</b> Concello de Oia Concello de O Rosal Concello de A Guarda	<b>COMARCA DE QUIROGA</b> Concello de Folgoso de Courel Concello de Quiroga Concello de Ribas de Sil	<b>COMARCA DE BANDE</b> Concello de Bande Concello de Lobeira Concello de Entrimo Concello de Lovios Concello de Muíños
<b>COMARCA DE ARTEIXO</b> Concello de Arteixo	<b>COMARCA DE A ESTRADA</b> Concello de A Estrada Concello de Cuntis	<b>COMARCA DE TUI</b> Concello de Tomiño Concello de Tui	<b>COMARCA DE O BARCO</b> Concello de A Rúa Concello de Vilamarín de Valdeorras Concello de O Barco Concello de Rubiá Concello de Carballeda Concello de Larouco Concello de Petín Concello de O Bolo	<b>COMARCA DE XINZO DE LIMIA</b> Concello de Rairiz de Veiga Concello de Vilar de Santos Concello de Sandiás Concello de Porqueira Concello de Xinzo de Limia Concello de Trasmirás Concello de Calvos de Randín Concello de Blancos Concello de Baltar Concello de Sarreaus
<b>COMARCA DE A CORUÑA</b> Concello de A Coruña	<b>COMARCA DE LALÍN</b> Concello de Vila de Cruces Concello de A Golada Concello de Silleda Concello de Lalín Concello de Rodeiro Concello de Dozón	<b>COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO</b> Concello de Salvaterra de Miño Concello de As Neves	<b>COMARCA DE VIVEIRO</b> Concello de Viveiro Concello de Viveiro Concello de Oural	<b>COMARCA DE VERÍN</b> Concello de Laza Concello de Castelo de Val Concello de Castro de Leirado Concello de Monterrei Concello de Ombra Concello de Verín Concello de Vilardevós
<b>COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO</b> Concello de Culleredo Concello de Cambre Concello de Cerceda	<b>COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA</b> Concello de Catoira Concello de Vilagarcía de Arousa	<b>COMARCA DE VIGO</b> Concello de Vigo	<b>COMARCA DE CERVO-BURELA</b> Concello de Xove Concello de Cervo Concello de Foz Concello de Valadouro Concello de Alfoz	<b>COMARCA DE A GUDIÑA</b> Concello de Rios Concello de A Gudíña Concello de A Mezquita
<b>COMARCA DE OLEIROS</b> Concello de Oleiros Concello de Sada	<b>COMARCA DE CALDAS DE REIS</b> Concello de Caldas de Reis Concello de Portas Concello de Moraña	<b>COMARCA DE VALMIÑO</b> Concello de Nigrán Concello de Baiona Concello de Gondomar	<b>COMARCA DE MONDOÑEDO</b> Concello de Mondoñedo Concello de Lourenzá	
<b>COMARCA DE BETANZOS</b> Concello de Bergondo Concello de Betanzos Concello de Paderne Concello de Irixoa Concello de Abegondo Concello de Oza dos Rios Concello de Coirós Concello de Aranga Concello de Cesuras	<b>COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA</b> Concello de Vilanova de Arousa	<b>COMARCA DE RIBADEO</b> Concello de Barreiros Concello de Ribadeo Concello de Trabada	<b>COMARCA DE VILALBA</b> Concello de Muras Concello de Xermade Concello de Vilalba Concello de Abadín Concello de Cospeito	
<b>COMARCA DE SANTA COMBA</b> Concello de Zas Concello de Santa Comba Concello de Mazaricos	<b>COMARCA DE CAMBADOS</b> Concello de Cambados Concello de Ribadumia Concello de Meis	<b>COMARCA DE MEIRA</b> Concello de A Pastoriza Concello de Riotorto Concello de A Pontenova Vilaodriz Concello de Meira Concello de Ribeira de Piquín Concello de Pol Concello de Castro de Rei (metade Norte)	<b>COMARCA DE CARBALLIÑO</b> Concello de O Irixio Concello de Piñor de Cea Concello de San Cristovo de Cea Concello de Beariz Concello de Boborás Concello de O Carballiño Concello de Maside Concello de San Amaro Concello de Punxín	
<b>COMARCA DE NEGREIRA</b> Concello de A Baña Concello de Negreira	<b>COMARCA DE SANXENXO</b> Concello de Sanxenxo Concello de Meaño	<b>COMARCA DE PONTEVEDRA</b> Concello de Barro Concello de Campo-Lameiro Concello de Poio	<b>COMARCA DE RIBADAVIA</b> Concello de Avión Concello de Leiro Concello de Cenlle Concello de Carballeda de Avia Concello de Beade Concello de Melón	

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Servicio de Programas e Vixilancia Epidemiolóxica D.X.S.P. Consellería de Sanidade e Seguridade Social. San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE  
E SEGURIDADE SOCIAL